

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG 18/09/24), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de **eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO PERSOAL E ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**.

O proceso de renovación rexeráse polas seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 11, punto 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir** no presente proceso electoral a **un representante do PAS (1)**.
2. Poden ser **candidatos/as** todos os PAS incluídos no censo electoral que presenten a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio, ou que se pode descargar da páxina web. **As candidaturas poderán ser presentadas desde as 10.00 horas do día 29 de outubro ata as 14.00 horas do día 8 de novembro de 2024**.
3. O censo electoral estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao Censo poderán realizarse ata as 12.00 horas do día 6 de novembro de 2024.
4. As **VOTACIÓNS** realizaranse nas dependencias do centro o **día 19 de novembro, martes, ás 10 horas**.
5. A **mesa electoral**, será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10'45 horas, e estará integrada polo director, que actuará como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.
6. Na **papeleta** de votación cada elector **marcará cunha X un máximo un nome (1)** dos candidatos presentados, que estarán relacionados por orde alfabética.
7. Cada elector deberá acreditarase, mediante a presentación do D.N.I. ou outro documento oficial. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vedra, a 29 de outubro de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: José Viaño Rey